



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOIRO

Anuncio de aprobación definitiva da Ordenanza municipal de emerxencia social do Concello de Boiro

Expediente: 482/2022

Rematado o período de exposición pública, sen que se presentaran reclamacións, do expediente 482/2022, de aprobación da ordenanza municipal de emerxencia social do Concello de Boiro, segundo o disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, enténdese adoptado de xeito definitivo o acordo de aprobación inicial da ordenanza adoptado polo Pleno da Corporación na sesión realizada o 10 de novembro de 2022.

En cumprimento do disposto no artigo 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, mediante este anuncio procédese á publicación do texto íntegro da ordenanza aprobada.

ORDENANZA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE BOIRO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Departamento de Servizos Sociais do Concello de Boiro ven regulamentando dende fai anos distintos recursos para facer fronte a situacións de desprotección que non son cubertas por ningunha outra administración pública. O último regulamento municipal data do ano 2014.

No momento actual, logo de estar a padecer unha pandemia, síntese a necesidade de elaborar un novo documento regulador que garanta con maior fortaleza e axilidade a capacidade de resposta da Administración local na cobertura de necesidades básicas das súas veciñas e veciños.

Así, a ordenanza de emerxencia social municipal (ESM) intenta dar resposta ás necesidades da poboación e articula unha serie de axudas destinadas a previr e ou paliar situacións de vulnerabilidade para garantir a inclusión social. A clara intención deste documento é achegar solucións áxiles e dignas aos problemas da veciñanza mediante a satisfacción das súas necesidades máis básicas.

O Concello de Boiro propón esta ordenanza asumindo as competencias que se establecen no marco lexislativo xeral e no específico dos servizos sociais, que confiren aos concellos a potestade para aplicar e regular os recursos destinados a paliar situación de vulnerabilidade ou exclusión social.

Así, a Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local no seu artigo 25.2.k); a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, no seu artigo 80 apartado k) e a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, no artigo 60.1 a e b, atribúen aos concellos a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos

Asemade, o Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais e comunitarios e o seu financiamento, contempla no seu artigo 9 como Programa básico de servizos sociais o Programa de inserción social que “procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situación de risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas.” O artigo 23 b) especificamente di que os Servizos Sociais Comunitarios Básicos “participarán, de acordo coa normativa de aplicación, no procedemento de asignación de prestacións económicas de inclusión social, orientadas a satisfacer as necesidades pecuniarias básicas e a estimular a incorporación social e laboral”.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, acorde co principio de responsabilidade pública, establece que se dispensará especial atención ás familias con dificultades derivadas da súa estrutura ou das súas circunstancias, e a aquelas que se encontran en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de exclusión social, atribuíndo ao municipio as competencias na execución de programas e proxectos de atención ás familias, no marco da lexislación de réxime local e sectorial de servizos sociais.

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, ten por obxecto establecer e regular un conxunto de medidas e recursos específicos para as persoas en situación ou risco de exclusión social, co fin de mellorar a cohesión e a inclusión social en Galicia. Nesta norma regúlanse, en concreto, as condicións de participación da cidadanía galega nos servizos e prestacións para a inclusión social e, de xeito específico, a natureza e o exercicio do dereito de percepción da

renda de inclusión social de Galicia (RISGA) e das axudas de inclusión social (AIS), en tanto que prestacións económicas de carácter esencial dentro do Sistema galego de servizos sociais, segundo o establecido no artigo 21 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. A aplicación desta norma está dirixida a aquelas persoas que acorde co Sistema Galego de Servizos Sociais sexan valoradas como persoas en situación ou risco de exclusión social, segundo os criterios establecidos no seu artigo 3.

Abundando nestes preceptos legais, o Real decreto-lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se regula o Ingreso Mínimo Vital expón que España é un dos países da Unión Europea cunha distribución da renda entre fogares máis desigual e concibe o IMV como unha ferramenta para facilitar a transición dos individuos desde a exclusión social a unha situación de participación plena na sociedade. Desde este punto de vista, as medidas pola inclusión social contempladas nesta ordenanza poden contribuír ao logro dese obxectivo normalizador, e actuar de medidas facilitadoras cara á súa consecución.

Xa por último, a Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, no seu artigo 29. Modificación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, modifica a letra a) do artigo 2, que queda redactada do seguinte xeito: 2. Non teñen carácter de subvención: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas e as prestacións autonómicas de natureza similar a estas ou de carácter asistencial.

Polo tanto, a partir do 30/01/2021, data de entrada en vigor da Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial, sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións, de maneira similar a como xa se veñen xestionando desde hai anos as axudas de inclusión social (AIS) por parte da administración autonómica.

Sinalar que todas estas medidas teñen a pretensión de ser unha primeira resposta áxil e eficaz a situacións carenciais na cobertura das necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade. Non obstante, non teñen sentido sen un sistema que garanta a cobertura das ditas necesidades desde os sistemas de protección da administración autonómica e estatal, que son as que teñen as competencias para garantir prestacións e axudas regulares ás persoas e ás familias ante a carencia de ingresos económicos.

TÍTULO PRELIMINAR

DISPOSICIÓN XERAIS

Capítulo I

Do ámbito de aplicación da Ordenanza

Artigo 1. Obxecto

É obxecto desta ordenanza o desenvolvemento dun conxunto de prestacións, axudas e actuacións dirixidas a favorecer a inclusión das persoas, corrixir as desigualdades, colaborar na cobertura das súas necesidades básicas e evitar situacións de exclusión, desde unha perspectiva normalizadora e sempre respectando a dignidade das persoas, no ámbito do Concello de Boiro.

Artigo 2. Definición e natureza

As axudas de emerxencia social municipal son prestacións non periódicas, de natureza económica, destinadas a aquelas persoa/s e/ou familias cuxos recursos resulten insuficientes para facer fronte a gastos específicos, de carácter ordinario ou extraordinario, necesarios para prever, evitar ou paliar situacións de exclusión social.

A concesión das axudas de emerxencia social estarán suxeitas á existencia de crédito consignado para esa finalidade no Orzamento Municipal.

Artigo 3. Persoas beneficiarias

As medidas de emerxencia social están dirixidas a todas aquelas persoas (persoas físicas) ou unidades familiares de convivencia que se atopen nunha situación de precariedade económica que lles dificulte ou imposibilite a cobertura dalgunha das súas necesidades básicas que cómpre cubrir de forma urgente.

Para os efectos desta ordenanza, considérase unidade familiar/convivencia o conxunto de persoas que conviven no mesmo domicilio e manteñen con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente.

Como regra xeral, non poderán ser beneficiarias da mesma axuda dúas persoas da mesma unidade familiar, así como unha mesma persoa non pode formar parte de dúas ou máis unidades familiares de forma simultánea.

Poderase valorar que nun domicilio convive máis dunha unidade familiar e considerarse independentes, cando así estea xustificado na intervención por parte do equipo de profesionais dos servizos sociais comunitarios de Boiro, debendo quedar constancia da dita valoración e os seus motivos no rexistro que se faga da actuación.

Artigo 4. Tipoloxía das axudas

As medidas de emerxencia social do Concello de Boiro son as seguintes:

- a) Axudas necesarias para garantir o mantemento da vivenda ou aloxamento habitual, incluíndo:
 - Gastos vinculados ao uso da vivenda (aluguer ,aloxamento ,luz...)
 - Gastos de mobiliario/ instalacións básicas da vivenda.
- b) Axudas relacionadas coa atención de necesidades primarias, tales como: alimentación, vestido, educación, formación, e transporte(non cubertas polos diferentes sistemas públicos)
- c) Axudas relacionadas coa atención sanitaria e axudas ortoprotésicas, non cubertas polos diferentes sistemas públicos.
- d) Tamén se poderán destinar axudas económicas a aqueloutros conceptos que a criterio do persoal técnico de servizos sociais comunitarios teñan como obxecto paliar situacións de exclusión social. En tódolos casos, os servizos sociais comunitarios deberán xustificar dita axuda mediante o informe técnico correspondente.

Capítulo II

Disposicións comúns

Artigo 5. Requisitos xerais de acceso

- a) Ter residencia efectiva e estar de alta no Padrón Municipal do Concello de Boiro cunha antigüidade mínima de 6 meses. De este período estarán exentos/as:
 - As persoas emigrantes galegas, nos termos sinalados no artigo 3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, cando teñan fixada a súa residencia no Concello de Boiro
 - Persoas que teñan recoñecida a condición de persoa refuxiada polo organismo competente da Administración Xeral do Estado, ou aquelas persoas cuxa solicitude de asilo se tivese admitido a trámite ou, sen admitirse, teñan autorizada da permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social, no marco da lexislación reguladora dos dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e da súa integración social.
 - Vítimas de violencia de xénero ou doméstica que cambien o seu domicilio por motivos de seguridade.
 - Persoas que non reunindo os criterios anteriormente expostos contén con valoración positiva do/a traballador/a social de referencia.
- b) Ser maior de idade ou estar emancipado/a legalmente ou, no seu defecto, ter iniciado legalmente o trámite de emancipación. No obstante, poderán solicitálas excepcionalmente aqueles/as menores que teñan fillos/as a cargo.
- c) Persoas acollidas en aloxamentos institucionais.
- d) Encontrarse en situación ou risco de exclusión social de acordo ao artigo 3 da Lei 10/2013, de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- e) Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa de esa situación de necesidade.
- f) Cumprir coa escolarización e asistencia regular a clase dos menores en idade de escolarización obrigatoria.
- g) Non ter solicitado unha axuda económica de emerxencia social municipal para a mesma finalidade no ano natural salvo en casos excepcionais e debidamente motivados nos que a necesidade sobrevida requira atención urxente e inmediata. Poderán exceptuarse dalgún destes requisitos cando así sexa valorado por parte do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios de acordo á gravidade da situación debidamente acreditada ou ao carácter sobrevido e imprevisto da súa situación. Esta excepcionalidade deberá estar recollida no informe proposta que se faga da medida de emerxencia social e deberá quedar reflexado o criterio adoptado na intervención que se leve a cabo e a motivación da excepcionalidade polo que non se da cumprimento dalgún destes requisitos.
- h) Non superar o límite de ingresos establecido .Nestas axudas valorarase a capacidade económica da unidade de convivencia, definindo esta como a suma dos ingresos da unidade familiar, despois de deducir o importe da hipoteca ou aluguer da vivenda onde residen(nun máximo do 60% do importe mensual). O límite de recursos da unidade de convivencia independente: para un fogar unipersoal establececese como límite de recursos o 75% do IPREM, ou índice que o substitúa, incrementándose nun 15% por cada membro adicional convivente ata un máximo do 2 veces o IPREM.

Artigo 6- Criterios de cómputo de recursos económicos

1. Entenderáanse como recursos económicos dos que dispón a unidade de convivencia os seguintes:

- a) Ingresos: o total de ingresos que perciba no momento da solicitude a persoa solicitante ou aquelas que constitúan a unidade de convivencia en concepto de rendementos do traballo ou de actividades económicas, como retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios, prestacións de pagamento único ou por calquera outro concepto; así mesmo, as cantidades percibidas en concepto de rendementos do capital mobiliario e inmobiliario, alugamentos ou similares, así como rendementos do patrimonio.
- b) Bens patrimoniais, depósitos bancarios e contas correntes ou de aforro. Terán a consideración de bens patrimoniais para os efectos deste artigo os bens sobre os cales se posúa un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro de análoga natureza, con excepción da vivenda habitual destinada ao seu uso, dos que se deduza a existencia de medios suficientes para a subsistencia.

2. Non se considerarán como recursos económicos dos que dispón a unidade de convivencia os que seguen:

- a) Os ingresos non regulares de escasa contía que unicamente resulten un complemento de supervivencia.
- b) Os ingresos de carácter finalista dirixidos á formación regrada.
- c) Os ingresos por asistencia a cursos de formación non regrada, sempre que pola súa natureza e menor contía se deduza que só remuneran os gastos de asistencia ao curso ou incentivan a formación.
- d) Os ingresos de carácter finalista dirixidos a paliar situacións de emerxencia social.
- e) As prestacións familiares por fillo ou filla menor a cargo xeradas polas persoas integrantes da unidade de convivencia.

En relación ás prestacións económicas para a atención das persoas en situación de dependencia :

- e.1) No caso das persoas que perciban prestacións públicas derivadas da aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, aplicaranse as regras establecidas neste artigo.
- e.2) As libranzas para adquisición de servizos ou para asistente persoal que se perciban na unidade de convivencia da persoa beneficiaria da renda de inclusión social de Galicia constituirán ingresos compatibles e non deducibles por ter como finalidade a adquisición do correspondente servizo.
- e.3) Cando no fogar da persoa beneficiaria da nova renda se perciba a libranza para coidados no ámbito familiar, aplicarase a regra da compatibilidade e dedución destes ingresos.

Artigo 7. Documentación

Con carácter xeral a documentación a presentar, xunto coa solicitude, é a seguinte:

- a) Documento de identificación persoal (DNI, NIE ou pasaporte no caso de non ter ningún dos anteriores) de todas as persoas da unidade familiar. En caso de persoas estranxeiras comunitarias (pasaporte ou documento de identificación do seu país de orixe máis o NIE)
- b) Libro de familia ou documentos que xustifiquen a filiación (como por exemplo partida de nacemento, acta de matrimonio...)
- c) Vivenda:
 - Copia do contrato de aluguer ou último recibo do IBI.
 - Último xustificante de pago da vivenda de aluguer ou hipoteca.
 - Factura do aloxamento
- d) Xustificación económica/laboral de todas as persoas da unidade familiar maiores de idade correspondente aos 2 últimos meses (segundo a situación na que se atopen):
 - 1). No caso de estar en activo :
 - Contrato/s de traballo e as dúas últimas nóminas.
 - Autónomos: recibo do pago da cota de autónomos dos dous últimos meses.
 - 2). No caso de que exista unha situación de desemprego:
 - Tarxeta actualizada de desemprego.
 - Xustificante do SEPE de percibir ou non prestación e/ou subsidio.

3). No caso de non poder achegar a documentación acreditativa da súa situación económica/laboral por estar en proceso de regularizar a súa situación administrativa, deberá achegar unha declaración responsable na que manifeste a situación económica da unidade familiar que aclare a situación dos ingresos económicos.

4) Xustificante de pensión, prestación ou calquera outro tipo de ingreso que este a percibir ou teña recoñecido (pensión de alimentos, pensións compensatorias, ingreso mínimo vital...)

5.) No caso de solicitar unha axuda económica deberá achegar un xustificante no que figure a persoa solicitante como titular dunha conta bancaria co IBAN completo. De non ter conta bancaria ou non poder utilizala deberá informar ao traballador/a social.

6) Acreditación da débeda ou gasto para o que solicita a axuda: facturas pendentes de pago, xustificante de débedas ou orzamento de gasto estimado.

7) Outra documentación (de ser o caso):

- Certificado de discapacidade.
- Sentenza de divorcio/separación.
- Convenio regulador.

8) Calquera outra documentación que sexa requirida por parte dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Boiro co fin de poder valorar a situación e determinar a idoneidade ou non da concesión da medida solicitada.

Artigo 8. Presentación de solicitudes, tramitación e resolución

A presentación, tramitación e resolución xeral da solicitude de ditas axudas seguirá o seguinte procedemento:

- a) As persoas interesadas presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Boiro a solicitude de axuda de emerxencia social municipal no modelo oficial (dispoñible na páxina web do Concello no rexistro xeral así como nas dependencias de Servizos Sociais) e dirixida ao señor Alcalde acompañada da documentación preceptiva .
- b) Así mesmo poderá ser iniciado de oficio a solicitude cando polas circunstancias particulares do interesado este non poida facer efectivo o trámite de iniciación do procedemento , sendo esta solicitude debidamente acompañada por un informe emitido polos/as traballadores/as sociais que acredite dita imposibilidade, así coma o contido da mesma.
- c) Revisión da solicitude e da documentación por parte do persoal do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Boiro. No suposto de que a documentación estivese incompleta ou sexa necesario achegar algunha a maiores para poder valorar a solicitude, requiriráselle á persoa solicitante polo medio máis axeitado para poder valorala e resolvela coa maior brevidade posible, de forma que quede constancia do dito requirimento.
- d) Na tramitación do expediente o traballador/a social realizará un estudo das solicitudes presentadas e emitirá un Informe no que se recolla unha síntese, a situación, obxecto, valoración, un ditame técnico e unha proposta de intervención profesional.
- e) A valoración social contida no informe concluirá cunha proposta sobre a idoneidade e a procedencia, ou non, da concesión da axuda de inclusión social.
- f) O/A Concelleiro/a delegado/a elaborará a oportuna proposta sobre a concesión ou denegación da axuda solicitada.
- g) Unha vez completado o expediente, previa fiscalización de Intervención, elevarase ao órgano municipal competente a proposta de concesión ou denegación segundo corresponda, para que emita resolución.
- h) O prazo para a presentación de solicitudes estará aberto todo o ano. No Rexistro Xeral en días laborables de 09:00 a 13:30 horas; e na sede electrónica do Concello de Boiro os 365 días do ano as 24 horas.

Artigo 9. Consideracións a ter en conta na resolución

- a) A concesión das axudas recollidas na presente ordenanza está suxeita á existencia de orzamento nas contas xerais do Concello de Boiro.
- b) En todo momento, garantirase a confidencialidade dos datos obtidos na tramitación dos expedientes de conformidade coa lexislación vixente.

Artigo 10. Contía máxima

O importe máximo anual do conxunto das axudas concedidas persoas e/ ou familias será de 1.000,00€, podendo solicitarse en varias ocasións sempre e cando non se supere o dito importe no ano natural.

Excepcionalmente e de forma extraordinaria poderase superar o importe máximo anual establecido, sempre e cando concorran circunstancias excepcionais a xuízo do persoal técnico da Concellería de Servizos Sociais. A dita excepcionalidade

de deberá quedar recollida no informe proposta, e deberán constar, de forma pormenorizada, os motivos aos que se debe a excepcionalidade na intervención .

Artigo 11. Obrigas das persoas beneficiarias

A persoa ou persoas beneficiarias das axudas de emerxencia social municipal e, os membros da unidade de convivencia da que formen parte, estarán sometidas as seguintes obrigas:

1. Destinar o importe da prestación económica ao fin para o que se concede. Non se poderá utilizar destas prestacións para o envío de remesas a familiares, tanto dentro como fóra do territorio nacional.

2. Participar nas accións ou actividades que se valoren tecnicamente de acordo ao diagnóstico social previo e, estipulado no proxecto de inserción.

3. Administrar responsablemente os recursos dispoñibles co fin de evitar o agravamento da situación económica ou da situación de exclusión.

4. Escolarizar e, poñer os medios para garantir a asistencia efectiva ao centro educativo das persoas menores de idade que se encontren ao seu cargo.

5. Non practicar a mendicidade nin permitir ou forzar a súa práctica a outros compoñentes da unidade de convivencia.

6. Manterse tanto a persoa beneficiaria das prestacións como, as persoas da súa unidade de convivencia que se encontren en idade laboral, dispoñibles para o emprego, agás cando se trate de: a) Persoas afectadas por unha invalidez absoluta ou persoas en situación de dependencia recoñecida pola administración autonómica. b) Persoas en situación de elevado risco de exclusión que, a xuízo dos servizos sociais comunitarios e/ou dos dispositivos de emprego, non se encontren en situación de incorporarse ao mercado laboral. Esta dispoñibilidade incluírá tamén o compromiso de permanecer inscritas ininterrompidamente no Servizo Público de Emprego, de non rexeitar un emprego axeitado, de non darse de baixa voluntaria, nin definitiva, nin temporal do emprego e, de non acollerse a unha situación de excedencia laboral, sen causa extrema xustificada.

7. Manterse tanto a persoa beneficiaria das axudas, coma as persoas da súa unidade de convivencia, maiores de idade, dispoñibles para o desempeño de actividades socialmente útiles de acordo co establecido no seu itinerario de inclusión activa.

8. Comunicar ó Concello, os feitos sobrevidos en relación ao cumprimento dos requisitos:

a) Calquera cambio relativo ao domicilio e residencia habitual (empadramento ou residencia efectiva) da persoa beneficiaria, e das persoas da súa unidade de convivencia.

b) Acceso a un emprego ou prestación pública por parte da persoa beneficiaria, e das persoas da súa unidade de convivencia.

c) Modificación dos recursos económicos da persoa beneficiaria, e das persoas da súa unidade de convivencia, que servisen de base para o cálculo da prestación.

d) Calquera modificación que afecte á composición da unidade de convivencia independente.

e) Calquera outra situación que puidese implicar a perda temporal, ou definitiva dalgún dos requisitos esixidos para o recoñecemento da prestación ou axuda.

En todo caso, as devanditas comunicacións deberán facerse no prazo máximo de 7 días naturais, contados a partir do momento en que acaeceron os feitos sobrevidos dos que se trate, por calquera medio que permita ter constancia de ditos extremos ó traballador ou traballadora social de referencia.

9. Exercitar calquera dereito económico que puidese corresponder a persoa beneficiaria da prestación ou as persoas da súa unidade de convivencia, segundo a lexislación vixente, tanto con carácter previo á solicitude como durante o período de percepción das axudas.

10. Comparecer ante o Concello e colaborar con este, someténdose ás actuacións de comprobacións pertinentes, así como facilitar a información necesaria que lle sexa requirida por parte dos servizos sociais municipais nos seguimentos periódicos que se establezan no proxecto de inserción social.

11. Xustificar a prestación concedida, nos termos descritos na presente ordenanza.

12. Autorizar se procede, o Concello de Boiro para ingresar o importe da prestación económica, que no seu caso sexa concedida, na conta da persoa física ou xurídica que a persoa beneficiaria designe os efectos de cumprir co destino e finalidade da prestación.

13. Reintegrar o importe das prestacións indebidamente percibidas ou en contía indebida.

14. Cantas outras obrigas deriven do obxecto e da finalidade do Programa Municipal Servizos Sociais do Concello de Boiro.

Artigo 12. Incompatibilidades

As axudas para afrontar situacións de emerxencia social polo concepto de aloxamento, son incompatibles con outras axudas, polo mesmo concepto e finalidade de entidades públicas ou privadas, subsidiaria das axudas de Inclusión social da Xunta de Galicia.

As axudas relacionadas coa atención de necesidades primarias así como as relacionadas coa atención sanitaria e axudas ortoprotésicas son incompatibles con outras axudas, polo mesmo concepto e finalidade de entidades públicas ou privadas,

Estas axudas están sometidas ao mesmo réxime de incompatibilidades e compatibilidades que as Axudas de Inclusión social ás que se refire a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Non obstante, poderán ser complementarias, nos casos nos que se considere oportuno, en virtude da gravidade da situación socioeconómica e familiar reflectida nos informes pertinentes elaborados polas técnicas dos Servizos sociais municipais.

Artigo 13. Pagamento

Unha vez aprobada a concesión da axuda por parte do órgano competente e previa presentación da factura ou recibo correspondente, en caso de que non se tivese achegado coa solicitude, procederase ao pagamento do importe concedido mediante o procedemento de pago delegado. O pagamento efectuarase á persoa física ou xurídica emisora da factura no número de conta que figure no expediente administrativo. O departamento de intervención – tesourería achegará os correspondentes xustificantes de pago ao departamento de servizos sociais.

En casos excepcionais e debidamente xustificados no expediente cabe a posibilidade de pagamento en efectivo á persoa solicitante, que deberá de presentar documentación xustificativa do emprego da axuda, para o concepto para o que foi concedida, no prazo de 60 días naturais a contar dende o día seguinte ao cobro da axuda. En todo caso para o pagamento da axuda teranse que seguir cumprindo os requisitos que deron lugar á concesión da mesma.

Artigo 14.- Causas de denegación

Son causas de denegación:

- a) Renuncia á solicitude presentada.
- b) Falecemento da persoa solicitante.
- c) Traslado da residencia do solicitante a outro Concello.
- d) Desaparición das causas que deron lugar á presentación da solicitude.
- e) Non cumprir os requisitos estipulados e/ou superar o límite económico da presente Ordenanza
- f) Incumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza .
- g) Falsidade e/ou ocultación de datos.

Artigo 15. Revogación

O incumprimento, total ou parcial, das condicións establecidas nesta ordenanza e, en especial, o falseamento das condicións requiridas para acceder ás axudas, a utilización destas para finalidades distintas das previstas, o incumprimento da obriga de xustificación ou a duplicidade que infrinxa o regulado sobre compatibilidade, constituirán causas determinantes da revogación da axuda concedida, coa conseguinte obriga de reintegro das cantidades e xuros de mora correspondentes. En canto ao réxime de infraccións e sancións aplicable e ó procedemento para a súa imposición, estarase ao previsto sobre o particular na normativa reguladoras das subvencións públicas.

Artigo 16. Protección de datos de carácter persoal

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmasse de que os datos de carácter persoal que se faciliten na participación do presente procedemento serán incorporados nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Boiro , con domicilio en Praza de Galicia,s/n –Boiro A Coruña , onde se poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se é o caso, o de oposición. Mediante a participación no presente procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consinten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento.

TÍTULO II

TIPOS DE AXUDAS

Capítulo I

Axudas necesarias para garantir o mantemento da vivenda e/ garantir a permanencia no aloxamento habitual

Artigo 17. Definición

Son prestacións económicas non periódicas de carácter extraordinario e de pagamento único, cun carácter finalista, dirixidas a paliar situacións carenciais graves e urxentes relacionadas co mantemento da vivenda ou aloxamento habitual que non é posible resolver mediante a tramitación de outras axudas ou prestacións.

En relación a estas axudas económicas, enténdese:

- a) As relacionadas coa vivenda (pago do aluguer, dotación do equipamento ou mobiliario básico, débedas de luz.)
- b) A procura dun aloxamento ou manutención con carácter temporal.
- c) Gastos de mobiliario básico para unas condicións básicas de habitabilidade.
- d) Gastos de electrodomésticos da denominada imprescindibles para garantir unas condicións mínimas de benestar e ou habitabilidade .
- e) Gastos de instalacións básicas na vivenda imprescindibles para garantir unas condicións básicas de benestar, habitabilidade.
- f) Calquera outra situación que, a valoración do persoal técnico da Concellería de Servizos Sociais, se considere que encaixa no obxecto destas axudas e se valoran necesarias para a persoa e ou unidade familiar beneficiaria.

Estas axudas non son compatibles con calquera outra prestación, axuda ou pensión pública da que sexan titulares ou puidesen ser beneficiarias as persoas solicitantes .

Artigo 18. Formas de pagamento e xustificación

O pagamento da axuda económica realizarase preferentemente mediante transferencia bancaria ou transferencia ao provedor/a, no suposto que sexa para o pago dun produto ou servizo e sexa posible facelo directamente ao provedor/a.

Excepcionalmente poderase facer o pago a a través doutras medidas que se poidan adoptar conxuntamente entre a concellería competente da concesión e a do pago.

A axuda deberá ser destinada á finalidade para a cal foi concedida e realizar un uso responsable desta. A persoa beneficiaria deberá presentar a xustificación da axuda concedida no prazo máximo de dous meses a contar desde a data da resolución da concesión.

Capítulo II

Axudas relacionadas coa atención de necesidades primarias

Artigo 19. Definición

O apoio na alimentación e na hixiene persoal e doméstica é unha medida dirixida a contribuír na cobertura das necesidades básicas de alimentación e de produtos de hixiene persoal e de limpeza doméstica que hai nunha unidade familiar, cando existan especiais dificultades en garantilas pola súa precaria situación económica.

Esta axuda se xestionará de maneira xeral através de distintas entidades sen ánimo de lucro coas que se traballa dende o Concello de maneira conveniada.

Excepcionalmente a persoa beneficiaria recibirá un importe determinado, en función da súa situación, a través dos medios que estableza a Concellería competente en cada momento.

Apoio na adquisición de vestido, educación, formación, e transporte, alimentación (non cuberto polos diferentes sistemas públicos.

Con carácter xeral, estas axudas son incompatibles con aquelas outras de similares características e co mesmo fin, ás que puidese ter acceso a persoa solicitante por parte doutras administracións.

Artigo 20. Duración

Inicialmente, a concesión da axuda de apoio na alimentación e na hixiene será por un período máximo de tres (3) meses. Con carácter excepcional, poderase prorrogar por ata tres (3) meses máis. O número máximo de meses que poderá ser beneficiaria unha unidade familiar será de seis (6) meses nun ano natural.

Poderanse extender no tempo cando concorran circunstancias que, pola súa gravidade, se valore por parte dos Servizos Sociais Comunitarios de Boiro a necesidade de prorrogala máis aló desta limitación temporal. A dita excepcionalidade deberá quedar recollida no informe proposta, e deberán constar, de forma pormenorizada, os motivos aos que se debe a excepcionalidade na intervención que se leve a cabo.

Capítulo III

Axudas relacionadas coa atención sanitaria e axudas ortoprotésicas, non cubertas polos diferentes sistemas públicos

Artigo 21: Definición

En relación aos gastos de atención sanitaria consiste nunha prestación directa dos produtos á entidade emisora . As familias que teñan en trámite a tarxeta sanitaria ou carezan dela poderá aboárselle a totalidade do importe da prescrición medica ata que se solucione a situación.

Os gastos de material ortoprotésico e/ou farmacéutico a cubrir terán que ser debidamente xustificados e motivados por prescrición facultativa dos servizos públicos sanitarios e deberán asímesmo de ir acompañados de presuposto formal do gasto a realizarse pola entidade debidamente acreditada.

Capítulo IV

Axudas para situacións de extrema gravidade de difícil previsión

Artigo 22. Definición

Se consideran axudas de atención a situacións de extrema gravidade calqueira outro gasto, que non estando recollido en apartados anteriores, resulta imprescindible atender de maneira inmediata pola súa urxencia tendo como destino cubrir ou garantir uns gastos asociados a situacións de difícil previsión relacionadas con colectivos de especial vulnerabilidade social. Nestes supostos, será preceptivo que no informe social emitido polo traballador ou traballadora social de referencia, quede acreditado e se valore especificamente a excepcionalidade da situación e, a súa extrema gravidade así como as circunstancias especiais de non cumprimento dalgún dos requisitos xerais de acceso á dita axuda .

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira Actuacións de oficio ou a proposta doutra administración, institución ou Forzos e Corpos de Seguridade

Ante a existencia de situación e peculiaridades do servizo nos que exista unha proposta doutra administración, institución ou Forzos e Corpos de Seguridade do Estado en relación coa necesidade de alimentación, aloxamento temporal, ou outras situacións urxentes e extraordinarias de análoga natureza, ou ben se detecten necesidades pola propia entidade local, nas que se precise realizar unha atención de bens de primeira necesidade ou por razón de seguridade, actuarase de oficio a partir do correspondente informe dos servizos técnicos sen necesidade de instancia/solicitud por parte da persoa interesada/solicitante. Todo elo, con interese en realizar unha asignación mais eficaz, eficiente e rápida dos recursos necesarios.

Disposición adicional segunda Reintegro de pagos indebidos

Ante a existencia de situación e peculiaridades do servizo, nos que por diversos motivos non é posible realizar unha comprobación previa dos recursos e capacidade económica do interesado/solicitante, nos que exista unha proposta doutra administración, institución ou Forzos e Corpos de Seguridade do Estado en relación coa necesidade de alimentación, aloxamento temporal, ou outras situacións urxentes e extraordinarias de análoga natureza, ou se detecten necesidades pola propia entidade local nas que se precise realizar unha atención de bens de primeira necesidade ou por razón de seguridade e se actúe de oficio: recoñécese e facúltase aos servizos técnicos a proceder aos cobro do servizo prestado ao interesado/solicitante mediante un reintegro de pago indebido, no caso de comprobar, posteriormente, a existencia de capacidade económica e recursos económicos suficientes; segundo o estipulado na normativa vixente.

Disposición adicional terceira - Vivendas de emerxencia, sociais e tuteladas

A presente normativa recoñece a existencia de “vivendas de emerxencia”, “vivendas sociais” e “vivendas de xestión compartida-tuteladas” de titularidade municipal que se regularán reglamentariamente, de ser o caso de forma progresiva co aumento dos diferentes servizos que se poñan a disposición da cidadanía. Especificando: os requisitos, acceso, temporalización do servizo, prestacións, taxas, entre outras cuestión que se estimen necesarias.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa

Queda derogada a Ordenanza municipal das axudas de emerxencia social publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP), o venres, 4 de xullo de 2014, número 126.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

Esta ordenanza entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.”

Boiro, 14 de abril de 2023.

O alcalde.

José Ramón Romero García.

2023/2861